

Disposición adicional única. *Tipo de xuro técnico aplicable aos contratos de seguro que instrumenten compromisos por pensións das empresas con traballadores a teor do establecido na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.*

Conforme o establecido no punto 2 do artigo 33 do Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, o tipo de xuro técnico aplicable aos contratos de seguro regulados no seu capítulo III será o que resulte da aplicación das normas contidas no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 da Orde do 23 de decembro de 1998, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados e se establecen as obrigacións de información como consecuencia da introdución do euro; a Orde do 24 de xullo de 2001, pola que se aproban os modelos de información que subministrarán as entidades aseguradoras; a Orde ECO/77/2002, do 10 de xaneiro, pola que se modifica a Orde do 23 de decembro de 1998 pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados e se establecen as obrigacións de información como consecuencia da introdución do euro, e se desenvolve a norma de valoración 5.ª 2.2 do Plan de contabilidade das entidades aseguradoras; e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Os requisitos previstos para os activos financeiros estruturados nos artigos 9, 10, 11 e 12 só serán exhibibles cando fosen contratados a partir da entrada en vigor desta orde.

Madrid, 16 de febreiro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

## MINISTERIO DE FOMENTO

**3691** *RESOLUCIÓN do 25 de xaneiro de 2007, da Dirección Xeral de Transportes por Estrada, pola que se rectifican os modelos oficiais de certificados de capacitación profesional previstos no anexo A da Orde do 28 de maio de 1999. («BOE» 46, do 22-2-2007.)*

A Orde do 28 de maio de 1999 pola que se desenvolve o capítulo I do título II do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, en materia de expedición de certificados de capacitación profesional, no seu anexo A inclúe o modelo oficial de certificado de capacitación profesional. Na nota (1) a pé de páxina no citado anexo constan os distintivos dos Estados membros da Unión Europea, facéndose referencia expresa a cada un. Como consecuencia da posterior adhesión de novos Estados faise necesario modificar a

indicada nota incorporando así ao ordenamento interno os correspondentes preceptos das directivas 2004/66/CE do Consello, do 26 de abril de 2004, pola que se adaptan as directivas 1999/45/CE, 2002/83/CE, 2003/37/CE e 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello e as directivas 77/388/CEE, 91/414/CEE, 96/26/CE, 2003/48/CE e 2003/49/CE do Consello, nos ámbitos da libre circulación de mercadorías, a libre prestación de servizos, a agricultura, a política de transportes e a fiscalidade, como consecuencia da adhesión da República Checa, Estonia, Chipre, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Eslovenia e Eslovaquia; 2006/103/CE do Consello, do 20 de novembro de 2006, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da política de transporte, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía.

Na súa virtude, esta dirección xeral resolveu:

A nota (1) a pé de páxina do anexo A da Orde do 28 de maio de 1999 pola que se desenvolve o capítulo I do título II do regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, en materia de expedición de certificados de capacitación profesional, substitúese pola seguinte:

«(1) Distintivo do Estado: (B) Bélxica, (BG) Bulgaria, (CZ) República Checa, (DK) Dinamarca, (D) Alemaña, (EST) Estonia, (GR) Grecia, (E) España, (F) Francia, (IRL) Irlanda, (I) Italia, (CY) Chipre, (LV) Letonia, (LT) Lituania, (L) Luxemburgo, (H) Hungría, (M) Malta, (NL) Países Baixos, (A) Austria, (PL) Polonia, (P) Portugal, (RO) Romanía, (SLO) Eslovenia, (SK) Eslovaquia, (FIN) Finlandia, (S) Suecia, (UK) Reino Unido.»

Madrid, 25 de xaneiro de 2007.–O director xeral de Transportes por Estrada, Juan Miguel Sánchez García.

## MINISTERIO DA VIVENDA

**3698** *ORDE VIV/361/2007, do 14 de febreiro, pola que se establecen as condicións, os requisitos e o procedemento aplicables á concesión das subvencións excepcionais en materia de vivenda, para reparar os danos causados polos incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto. («BOE» 46, do 22-2-2007.)*

A vaga de incendios acaecidos na Comunidade Autónoma de Galicia durante os días 4 ao 14 de agosto de 2006 tivo graves repercusións, xa que os lumes se produciron en zonas moi próximas a núcleos urbanos e ás vivendas no ámbito rural, o que, en ocasións, fixo necesario o seu desaloxo.

Para efectos de paliar os danos ocasionados, adoptouse o Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.

O seu artigo 9 dedícase ás axudas excepcionais en materia de vivenda, tanto para aluguer de vivendas como para a reparación, rehabilitación e reconstrución destas e faculta o Ministerio de Vivenda para regular o procedemento da súa concesión, así como para establecer determinados requisitos dos solicitantes.

Pola súa parte, a disposición derradeira segunda do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, faculta os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar as disposicións necesarias e establecer os prazos para a execución das medidas previstas nel.

Na tramitación déuselles audiencia ás organizacións e asociacións recoñecidas pola lei que agrupan ou repre-

sentan a aqueles que resultan afectados pola disposición, e foi consultada a Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta orde dítase de conformidade co disposto na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia e en exercicio da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, no que se refire ao sector da vivenda, atribuída polo artigo 149.1.13 da Constitución.

Na súa virtude, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. A presente orde ten por obxecto establecer as condicións, os requisitos e o procedemento aplicables á concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións excepcionais en materia de vivenda, para reparar os danos causados polos incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, previstas no artigo 9 do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto.

2. A concesión das subvencións realizarase conforme os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, e de acordo co procedemento establecido no Real decreto 307/2005, do 19 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica e se establece o procedemento para a súa concesión.

3. As axudas, coas contías que se especifican, destinaranse a:

a) O aluguer de vivendas:

1) Se como consecuencia do incendio forestal se producise a destrución total da vivenda, ou, debido ao seu mal estado residual, fose precisa a súa demolición, os seus propietarios poderán acceder a unha vivenda en réxime de aluguer, durante un período máximo de vinte e catro meses, prorrogable, de ser o caso, ata que sexa posible a reconstrución da vivenda ou a disposición dunha nova en caso de ser necesario o desaloxo para a rehabilitación ou reparación da vivenda afectada.

2) Así mesmo, os que ocupasen como residencia habitual, en réxime de aluguer, vivendas que resultasen totalmente destruídas ou que fosen demolidas, poderán acceder a axudas por aluguer, consistentes no aboamento da diferenza entre as rendas de aluguer da anterior e da nova vivenda, por un período de tempo igual ao reflectido no parágrafo anterior.

3) Así mesmo, poderase acceder a unha vivenda en réxime de aluguer, no suposto en que a rehabilitación ou reparación da vivenda exixa o seu desaloxo, durante un período máximo de doce meses, prorrogable, de ser o caso, ata que sexa posible a disposición da vivenda.

4) A contía máxima que poden alcanzar estas axudas non poderá superar o importe de 70,87 euros/m<sup>2</sup>/aluguer ano, por vivenda.

b) A reparación, rehabilitación e reconstrución das vivendas:

1) Nos supostos en que, como consecuencia do incendio forestal, se producise a destrución total da vivenda, os seus propietarios poderán ser beneficiarios dunha axuda económica para a súa reparación, rehabilitación e reconstrución, cuxa contía quedará determinada, no seu límite máximo, polo 50 % do valor dos danos producidos segundo a taxación pericial efectuada ou ratificada polo órgano competente da Comunidade Autónoma, sen que en ningún caso o importe desta axuda poida ser superior ao 40 % do prezo de venda dunha vivenda cualificada de protección oficial de réxime especial, situada na mesma localidade que a vivenda destruída. Para os efec-

tos do cómputo deste prezo de venda, suporase unha superficie útil da vivenda protexida de 90 metros cadrados, sen rocho nin garaxe.

2) Se a vivenda non resultase destruída, senón danada, a contía máxima da axuda económica para a súa rehabilitación ou reparación, baixo os mesmos supostos que os da alínea anterior, será de 12.000 euros.

3) Poderán tamén ser beneficiarios destas axudas previstas para a reconstrución, rehabilitación ou reparación dunha vivenda sinistrada os que a ocupasen como residencia habitual, en calidade de usufrutuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa. En tal caso, para os efectos da súa reconstrución, rehabilitación ou reparación, resultará perceptor da axuda correspondente quen acredite ser propietario do inmovible. Non obstante o anterior, no caso de comunidades de propietarios, por danos en elementos comúns, o perceptor da axuda será o representante legal da comunidade de propietarios.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As subvencións obxecto da presente orde serán de aplicación aos termos municipais e núcleos de poboación determinados no anexo da Orde INT/2967/2006, do 25 de setembro, pola que se determinan os municipios a que son de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto.

#### Artigo 3. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións referidas no artigo 1:

a) Os propietarios, os usufrutuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa, sempre que a vivenda destruída ou danada teña a condición de residencia permanente e habitual con anterioridade á produción do sinistro.

b) As comunidades de propietarios por danos en elementos comúns.

2. Os particulares que soliciten as axudas deberán acreditar, por calquera medio admisible en dereito, que reúnen os seguintes requisitos:

a) Ter a súa residencia nalgún dos termos municipais e núcleos de poboación determinados no anexo da Orde INT/2967/2006, do 25 de setembro, pola que se determinan os municipios a que son de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto.

b) A vivenda sinistrada debe constituír domicilio habitual do solicitante das axudas con anterioridade á produción do incendio forestal.

c) Xustificar, de ser o caso, o importe dos gastos xerados polo arrendamento que resultase necesario, como consecuencia da inhabilitabilidade da vivenda destruída ou danada.

d) Reunir a condición de propietario, usufrutuario ou arrendatario nos termos que se determinan no artigo 1.

e) Acreditar escaseza de recursos económicos para facer fronte aos gastos obxecto das axudas previstas neste artigo, mediante a achega da documentación acreditativa dos seus ingresos e nos termos establecidos no artigo 16 do Real decreto 307/2005, do 19 de marzo.

#### Artigo 4. *Forma e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As persoas físicas a que se refire o artigo anterior deberán cubrir a correspondente solicitude, de conformidade co modelo normalizado e no prazo determinado pola Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, acompañados da documentación referida no artigo anterior, de acordo co disposto no convenio de colaboración entre o Ministerio de Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia para aplicación do Plan

estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, asinado o 17 de xaneiro de 2006.

2. A solicitude conterá unha declaración responsable de non estar en ningún dos supostos recollidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Artigo 5. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.**

1. A instrución do procedemento realizaraa a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, que realizará de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Para os efectos previstos nos artigos 22.1 e 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Comisión Bilateral de Seguimento a que se refire a cláusula quinta do Convenio de colaboración suscrito entre o Ministerio de Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia para aplicación do Plan estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, examinará e avaliará as solicitudes presentadas e emitirá un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

3. O órgano competente da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, á vista do expediente e do informe da Comisión Bilateral de Seguimento formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se lles notificará aos solicitantes e concederá un prazo de 10 días para presentar alegacións, podéndose prescindir deste trámite de audiencia se non figuran no procedemento nin son tomados en conta outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados, caso en que a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

4. Examinadas as alegacións presentadas, de ser o caso, polos interesados, formularase proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectiva.

5. A resolución das solicitudes de subvención corresponderá á Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. O prazo para ditar resolución e para notificala será de tres meses. O feito de que, unha vez transcorrido este prazo, non se lles notificase resolución, llexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

**Artigo 6. Financiamento e pagamento das axudas.**

1. As axudas excepcionais a que se refire esta orde concederanse con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos 78.c).2 e 83.3 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda.

2. O pagamento das axudas por parte do Ministerio de Vivenda realizarase directamente á Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, logo de certificación por esta do recoñecemento das resolucións de concesión das subvencións outorgadas.

**Artigo 7. Compatibilidade con outras subvencións.**

1. A percepción das subvencións reguladas nesta orde será compatible coa doutras subvencións, axudas,

ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado.

2. Esta compatibilidade estará condicionada a que o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde non poderá superar, en ningún caso, a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

**Artigo 8. Xustificación, comprobación e control.**

1. A Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia enviará ao Ministerio de Vivenda as listaxes do sistema contable das obrigas de pagamento contraídas, con especificación dos beneficiarios das axudas outorgadas en virtude desta orde, no prazo de tres meses desde a súa realización.

2. As axudas estarán sometidas ao réxime de control, reintegro e réxime sancionador previsto nos títulos II, III e IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Así mesmo, someterase ás obrigas de comprobación e control respecto á xestión dos fondos que poida efectuar a citada Administración, así como a calquera outro requirimento de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida para iso.

**Disposición adicional única. Aplicación das axudas.**

Poderanse acoller ás axudas establecidas nesta orde as solicitudes presentadas ante a Xunta de Galicia, en aplicación da Orde da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, do 4 de setembro de 2006, sempre que se cumpran os requisitos anteriormente establecidos.

**Disposición derradeira primeira. Título competencial.**

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13 da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de febreiro de 2007.—A ministra de Vivenda, María Antonia Trujillo Rincón.

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**3811** REAL DECRETO 174/2007, do 9 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 568/1988, do 6 de maio, de delimitación da zona de promoción económica de Galicia. («BOE» 47, do 23-2-2007.)

Polo Real decreto 568/1988, do 6 de maio, creouse e delimitouse unha zona de promoción económica en Galicia, conforme o disposto no Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 50/1985, do 27 de decembro.